<ul style="list-style-type: none"> - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea. - Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos. - O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do estado do benestar en Europa. O futuro de Europa. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado. - A transición política e a configuración do estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O estado do benestar en España. - A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente e recoñecemento e reparación das vítimas da violencia. - Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. - Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información. - Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo. - Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais. - Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas. - As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional. - Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.

Contidos

- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
12	O Mundo Actual (1991-2020). Novos movementos sociais e emerxencias na segunda década do s. XXI. A Era de Internet e a Globalización.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	TI	30
CA1.3 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA1.4 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.6 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.9 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos. - Os fundamentos xeoestratéxicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais. - O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do estado do benestar en Europa. O futuro de Europa. - As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era de Internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado. - Os fundamentos xeoestratéxicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade. - Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. - Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información. - Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo. - Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais. - Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.

Contidos

- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.
- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A educación pódese concibir como un proceso construtivo no que o alumno se converte no motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía ao poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno cos novos coñecementos, ao tempo que permite ademais asegurar que o alumno poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais e acadar novas aprendizaxes.

Partindo disto, a metodoloxía empregada para o desenvolvemento da materia outorgará un protagonismo especial á práctica directa mediante o emprego de recursos didácticos específicos, co fin de que o alumnado observe e interprete os feitos xeográficos, históricos e artísticos a través de textos, imaxes, mapas ou informacións estatísticas.

Partimos da base de que o noso Departamento imparte materias moi diferentes e a distintos niveis educativos, que afectan ao diverso grao de madurez dos alumnos, implicando variadas estratexias para comprender os contidos, aínda así podemos aplicar métodos iguais cunha maior ou menor profundización e complexidade. Partindo dos coñecementos que xa ten o alumnado convén empregar dous tipos de estratexias, de exposición e de indagación.

A estratexia expositiva sérvenos para ofrecer ao alumnado unha información elaborada sobre un esquema conceptual que se irá desenvolvendo na clase a partir de medios tanto orais (preguntas), escritas (exercicios prácticos ou de comprensión) ou visuais (fotografías, vídeos, mapas, textos de lectura...) segundo o que

consideremos necesario. Esta estratexia poderase utilizar preferentemente para os feitos e conceptos máis abstractos.

Outros contidos poden ser aprendidos mediante a realización de pequenos traballos de investigación, buscando información, ben individualmente ou en grupos, a partir do libro de texto e nos distintos medios (prensa, internet, enciclopedias, localización insitu...), favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e que cada alumno/a asuma a responsabilidade da súa aprendizaxe. Neste sentido é relevante a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación.

Na aprendizaxe é esencial atopar o equilibrio entre comprensión e memorización polo que convén axudar ao alumnado a diferenciar con claridade o que son datos informativos esenciais en cada tema polo que requiren ser memorizados e os que só teñen un interese coxuntural.

Tamén é importante facer especial fincapéno desenvolvemento de técnicas de traballo intelectual, sobre todo a comezo do curso, insistindo na comprensión lectora e a capacidade de expresarse correctamente. Neste sentido débense promover actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura, a expresión oral e escrita, así como aquelas que requiran da utilización dun vocabulario rigoroso á hora de elaborar redaccións, resumos, esquemas, etc. Asemade é fundamental a adquisición dun pensamento evolutivo, abstracto, de interrelación e lóxico, co fin de potenciar a análise multicausal e a comprensión dos distintos acontecementos que se relacionan no espazo e no tempo.

É interesante que o alumno chegue a aprender a aprender desde a práctica diaria na clase, intentando adquirir o coñecemento de destrezas que logo poda utilizar no futuro, tal é o caso da resolución de cálculos, análise de situacións, comentarios de textos, etc., así como a construción de gráficas, mapas, cadros sinópticos, esquemas..., que contribuirían a formar unha sólida armazón intelectual.

Esta metodoloxía non iría completa se non desenvolvéramos nos alumnos o espírito crítico, que lle confira unha autonomía persoal futura, desta maneira podemos utilizar debates, nos que podan participar e mostren actitudes de atención, tolerancia e respecto, sempre cunha actitude positiva cara ó diálogo e mostrando unha posición razoada ante as cuestións plantexadas na aula.

A interdisciplinariedade estará presente nas distintas unidades didácticas, pero pode fomentarse coa nosa colaboración en actividades doutros Departamentos ou realizados polo centro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO DE TEXTO
APUNTAMENTOS DO DOCENTE
AULA VIRTUAL DO CENTRO
CADERNO OU PORTFOLIO DE TRABALLO DO ALUMNADO
MATERIAL TIC e DIXITAL
MATERIAL AUDIOVISUAL E VISUAL

Hoxe en día se conta cunha grande diversidade de recursos para empregarse na aula e que o docente pode ir intercambiando adaptándoos a cada momento ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un material de apoio ao profesorado e ao alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, debe considerarse máis ben unha guía de traballo pois non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía. Polo tanto, o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e ben presentado. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliáveis.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TICs son necesarias polo que deben empregarse dándolle un uso sempre responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación debe ser continua, formativa e integrada no proceso ensino-aprendizaxe. Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e esquemas

mentais do alumnado. Para levala a cabo deberemos ter en conta a información do alumnado que consta nos informes elaborados ao remate do anterior curso escolar:

-A nivel académico podemos coñecer as calificacións obtidas na avaliación ordinaria do curso anterior. A partir delas podemos saber cal foi a calificación obtida na materia, se o alumnado é repetidor, se tivo algún programa de reforzo ou apoio, ou se asistiu ao PROA.

- A nivel condutual e de convivencia podemos saber se o alumnado tivo condutas contrarias ás normas de convivencia e os motivos das mesmas, se recibiu amonestacións na clase, se participou ,oito ou pouco na dinámica da clase,ou se tivo problemas de acoso/bullying

Á existencia de atención á diversidade: existencia de ACI, reforzo, etc.

En segundo lugar é importante a información que se obtén a partir da observación nas primeiras semanas de clase vendo como é a motivación do alumnado, interese e participación, se trae ou non o material escolar, etc.

Por último, o terceiro instrumento desta avaliación será unha proba inicial. Dita proba, consistente nunha serie actividades (comprensión de textos, vocabulario, feitos históricos ou coñecementos xeográficos e artísticos...) avaliará, fundamentalmente, a adquisición dos estándares mínimos de aprendizaxe do curso inmediatamente anterior, aínda que tamén contemplará aspectos relacionados coas áreas e materias do curso presente, orientándonos cara o establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas á súa realidade.

Unha vez analizados os resultados desta avaliación inicial, procederemos a la toma de medidas de reforzo ou adaptacións, previo informe do Departamento de Orientación e contando co apoio do P.T do centro. Estes alumnos recibirán unha atención o

máis individualizada posible con exercicios e actividades adaptados ás súas capacidades e destrezas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	4	9	10	10	4	10	10	10
Proba escrita	75	70	75	70	75	75	75	70	70	75
Táboa de indicadores	25	30	25	30	25	25	25	30	30	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	3	100
Proba escrita	75	70	73
Táboa de indicadores	25	30	27

Criterios de cualificación:

1. Probas escritas: Nelas deberán estar presentes nunha proporción razoable os contidos conceptuais e prácticos que correspondan á unidade ou unidades das que se examine o alumnado. Estas probas constarán basicamente de dúas partes que os alumnos e alumnas contestarán cun mínimo de coñecemento e coherencia nas súas respostas.

A primeira parte será de carácter práctico e consistirá na interpretación de mapas e textos sinxelos, de gráficas e diagramas ou de fotografías relacionadas coa materia obxecto de exame. A segunda parte será de carácter conceptual, consistente na definición de conceptos básicos ou no desenvolvemento de cuestións reflexivas nas que se amose a asimilación dos contidos conceptuais, a capacidade de relación (como procedemento) e a habilidade discursiva. Estas probas escritas realizaranse dúas veces en cada avaliación facendo media entre elas.

A media obtida polas probas escritas representará o 75 % do valor da nota en cada avaliación (7'5 puntos).

2. Táboas de indicadores. A través delas preténdese avaliar a participación e o traballo realizado polos alumnos/as na casa e na clase. Terase en conta o interese pola materia, as preguntas realizadas, as respostas aos exercicios e traballos plantexados polo profesor, e a actitude de respecto cara aos demais.

- A presentación de xeito correcto das actividades relacionadas cos boletíns de traballo propostos polo profesor en cada tema puntuará ata o 15 % da nota da avaliación (1'5 puntos). Estas tarefas realizadas polos alumnos, tanto individualmente como en grupos, así como a súa posible exposición oral avaliaranse mediante unha rúbrica na que se terá en conta nun 20 % a participación na busca de información e a destreza para seleccionar os contidos máis relevantes; nun 40 % a elaboración correcta da estrutura dos contados; nun 30 % a participación activa na elaboración de esquemas e a exposición dos contados con claridade: en un 10 % a integración no traballo en equipo.

- Por outra banda terase en conta tanto a actitude na aula contabilizándose a participación na dinámica das clases (40 %), a realización correcta das tarefas propostas polo profesor (20 %), a atención á corrección de exercicios e ás explicacións da materia (25 %), así como o feito de traer habitualmente o material necesario para o estudo -libro de texto, caderno de clase, etc- (15 %). Todos estes aspectos contabilizarán un 10 % da nota de avaliación (1 punto) .

Caderno de clase: Aínda que non se valorará en porcentaxe dentro da nota da avaliación, recoméndase que cada alumno dispoña dun caderno a limpo onde consten todas as actividades realizadas durante o curso reunindo unhas condicións de organización, limpeza e ortografía correctas, xa que constitúe o principal instrumento para o estudo das dúas probas escritas que se realizarán en cada avaliación.

A nota global do alumno-a en cada avaliación, será de 0 a 10, e estará formada pola valoración dos coñecementos, dos procedementos e as actitudes. Considérase ao alumnado aprobado na avaliación cando, elaborados os cálculos segundo a ponderación, a cualificación dá máis de 5, de ser inferior, levarase a cabo o plan de recuperación. Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5.

A cualificación final de curso calcularase facendo a media aritmética das avaliacións trimestrais.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na realización antes da seguinte avaliación dunha proba escrita de recuperación sobre a materia que fora previamente traballada polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). Esta proba escrita contabilizará un 75 % da nota de avaliación, mantendo a nota obtida do 25% restante nas táboas de indicadores polo alumnado durante a avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes caracte-rísticas e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. As medidas de atención á diversidade, rexeranse polo recollido no Plan de Atención á diversidade do centro e na lexislación vixente, indo sempre do ordinario ao extraordinario e podendo ser modificadas froito da avaliación continuada das mesmas

As medidas propostas para a atención á diversidade no departamento de Xeografía e Historia son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares. Estableceranse os que sexan necesarios partindo da avaliación inicial e a avaliación continua e contando co asesoramento do Departamento de Orientación.

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á

diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. Estas medidas de reforzo serán elaboradas e levadas a cabo no contexto escolar polo profesor que imparte a materia, os destinatarios serán aqueles alumnos que coa modificación deses elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe. Para os alumnos que precisen reforzo farase un seguimento dos mesmos proporcionándolles follas de actividades que irán resolvendo na casa e entregarán de novo o profesor. Tamén se contempla a posibilidade de realizar para este alumnado probas específicas adaptadas ás súas posibilidades.

As adaptacións curriculares individualizadas son modificacións que afectan a elementos prescritivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas adaptacións teñen como destinatarios ós alumnos sobredotados e os que teñen dificultades graves de visión, audición ou motricidade. A realización destas adaptacións faraaas o profesor que imparta a materia coa colaboración do departamento e os profesionais de orientación psicopedagóxica.

Outro aspecto a desenvolver será, na medida das posibilidades, respostar e satisfacer as demandas e curiosidades dos alumnos que presentan capacidades por encima da media, tratando de fomentar as súas inquiredanzas individuais.

A relación de alumnado que é obxecto de medidas de atención á diversidade recollerase nas actas de departamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X			X	X		
ET.2 - Educación ambiental.		X						

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X			X			X
ET.4 - Emprendemento.		X			X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.		X				X		
ET.7 - Educación para a paz	X	X		X	X	X		X
ET.8 - Educación para o consumidor		X			X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social			X	X
ET.2 - Educación ambiental.			X	X
ET.3 - Educación para a igualdade.			X	X
ET.4 - Emprendemento.			X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.			X	X
ET.7 - Educación para a paz	X		X	X
ET.8 - Educación para o consumidor			X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter ler en diferentes formatos e tamén redactar opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proxección de cine de interese pedagóxico	Complementaria			X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Ofrece oportunidades de recuperación
Resolve dúbidas
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Valoración xeral da materia.
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados.

Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
Motiva ao alumnado
É innovador/a
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Demostra coñecemento da materia
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Sabe dirixir a clases
Cumpriu co horario de clase
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
As actividades foron variadas e motivadoras.
Medidas de atención á diversidade
Emprega variedade de recursos
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados